

Noites na rúa para
dinamizar o comercio de
Salceda

Páxina II

Seis Concellos
comprometéronse na
procura de solucións para
“Maderas Iglesias”

Páxina IV

Mos presentou o inicio
de etapa da Volta
Ciclista a España 2020

Páxina V

Especial Letras Galegas
Carvalho Calero

Páxinas VII a XII

Tui organiza un taller de
gastronomía “Sabores de
Sefarad” a cargo do
cociñeiro Javier Zafra

Páxina XV



O GD14 presenta campaña de apoio ao produto local

Páxina VI



LOURINHA

SALCEDA

O programa de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero de Salceda remata despois de 2 meses de intenso traballo

O Programa empezou en agosto e rematou o pasado 30 de setembro cunha reunión da alcaldesa Loli Castiñeira con Indalecio Cuevas, Presidente da Entidade Urbanística de Conservación de A Granxa, David Sobral, Xerente da Asociación de Empresarios/as de As Gándaras e Jorge Trigo, Director de RRHH de CEAMSA, á que acudiron 5 mulleres en representación das participantes.

O obxectivo da visita non foi outra que a búsqueda de acordos para tratar de insertar no mercado laboral ás mulleres en situación de vulnerabilidade.

Foron 150 horas de asistencia xurídica, psicolóxica, laboral e social acompañadas de itinerarios

profesionais, 22 horas de talleres de autoestima, técnicas de búsqueda de emprego, habilidades dixitais, análise da violencia de xénero e valorización dos coidados e encontros de avaliación.

As participantes do Programa, que nace con vocación de continuidade, foron mulleres vítimas de violencia de xénero, en situación de desemprego, traballadoras en actividades non remuneradas, inactivas ou xubiladas, inmigrantes e refuxiadas, pertencentes a etnias minoritarias, drogodependentes, mulleres que viven soas ou con cargas familiares non compartidas, mulleres con discapacidade e con outras situacións de vulnerabilidade.

Con elas se traballou trans-



versalmente na prevención da violencia de xénero, o empoderamento e a empregabilidade a través de ferramentas e habilidades para facilitar a incorporación ao mercado laboral, mellorar a autoestima e a calidade de vida así

como a súa participación social e visibilidade.

Por outra banda, e durante a atención persoalizada nos itinerarios profesionais, traballouse con elas con ferramentas estruturais para a orientación persoal

e profesional.

Nesta última etapa do Programa, financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e polo Fondo Social Europeo, tal e como sinalou a alcaldesa, o esforzo focalizouse na inserción laboral como un dos requisitos para o empoderamento de todas as mulleres, fundamentalmente as máis vulnerables e que levan anos fora do mercado laboral.

A predisposición dos representantes empresariais ante a posibilidade de poñer en marcha vías de colaboración para a inserción das participantes deste Programa foi total e tanto a alcaldesa como Indalecio Cuevas, David Sobral e Jorge Trigo quedaron empenhados a traballar neste senso.

Noites na rúa para dinamizar o comercio de Salceda

O Concello de Salceda de Caselas e a Asociación de Comerciantes da vila (ACISA) presentaron o programa "Noites na Rúa", que cada primeiro fin de semana de mes vai acoller diversas actividades culturais e descontos nos establecementos participantes e nos locais de hostelería. O obxectivo é dinamizar o comercio local nestes momentos complexos tras os meses de restricións pola pandemia da covid 19. A Alcaldesa, Loli Castiñeira, e a Concelleira de comercio,

Verónica Tourón, estiveron acompañadas pola presidenta e a secretaria de ACISA, Elisa Rodríguez e Alicia Cidanes.

Un total de 25 establecementos participan na iniciativa, 16 comercios de diversos sectores que ofrecerán descontos do 25% e permanecerán abertos ata as 22:00 horas nos días de actividade, e 9 locais de hostelería que ofrecerán ofertas de "pincho máis consumición" dende 2 €. A programación completouse, na primeira fin de semana de outubro



con animación infantil polas rúas na tarde do venres e co concerto

de "El Patio" o sábado na Praza do Concello.

Esta iniciativa únese a outras accións de apoio ao sector comercial dende o inicio da pandemia, como foi a bonificación de diferentes taxas durante os meses do confinamento ou a recente instrución aprobada en Xunta de Goberno que lles permite aos locais de ocio nocturno contar cun permiso provisional de bar para que poidan exercer esta actividade mentres dure o peche do ocio nocturno, que no caso de Salceda afecta a seis establecementos.

ALOMobi
tu tienda de telefonía

MULTIOPERADOR - REPARACIONES
SEGUROS - MULTISERVICIOS

Tarifas y telefonos LOW COST

D/DARIO BUGALLAL, SA PONTEAREAS
Telf.: 886 160 565 olitato@gmail.com

ZOE
LENCERÍA

ESPECIALISTA EN TALLAS DE CORSETERÍA

C/Arce de gema nº11, Ponteareas - 986 78 23 41

GLITTER
Tu tienda especializada en
PATINES
ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS
MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/ Virgen de Los Remedios, 16
PONTEAREAS Tlf. 886 21 64 73
glittercb2016@gmail.com

SALCEDA

Salceda pretende 1200 m² de terreo da Sareb para uso social

O concello de Salceda podería poñer en marcha una modificación urbanística que lle afecta aos terreos ocupados ata o de agora por un aparcamento público. Estes terreos están situados na rúa Joaquín Fernández Sestelo e están afectados pola Sareb (Sociedade de Xestión de Activos procedentes da reestructuración Bancaria)

A idea é evitar a edificación nesa parcela para que o concello poida ampliar a praza da Devesa ou destinala a uso social. Con

este fin, a alcaldesa Loli Castiñeiras, asinou este venres a convocatoria dun pleno extraordinario co punto "Suspensión cautelar da concesión de licenzas de parcelación e edificación no ámbito da Devesa". Deste xeito se anularía a posibilidade de actuacións urbanísticas con destino a vivendas.

Dende "Movemento Salceda" agrupación política que lidera o goberno, indican que o executivo de Salceda pretende poñer en marcha unha modificación urbanística que lle afectaría a esas parcelas.

Os máis de 1200 metros cadrados pertencentes á Sareb, serían destinados a uso público coa construción dun aparcamento, para ampliar o parque da Devesa ou para outros usos sociais. Despois de ser embargada esa superficie e pertencer agora á Sareb, puidera ser que algunha empresa construtora amose interese para edificar vivendas. O concello adiántese para evitar esa posibilidade.

Esta actuación completaría os plans de rexeneración e renovación urbana de Salceda de Caselas.



O concello de Salceda súmase á terceira edición do certame Vilas en Flor

O programa "Vilas en Flor", unha iniciativa que procura a mellora ambiental, social e económica dos concellos galegos de menos de 45.000 habitantes, chega este ano á súa terceira edición con doce novos concellos participantes confirmados. Este ano, incorpórase á lista de participantes a localidade pontevedresa de Salceda de Caselas xunto cos concellos de Cambados, Fene, Guitiriz, Lalín, Narón, Pontedeume, Sada, Sarria, San Sadurniño, Ames e Tui.

Desta forma, xunto cos participantes do ano pasado (Allariz, Caldas de Reis, Chantada, Salvaterra de Miño, Betanzos, Culleredo, Cuntis, Tomiño, A Guarda, Carballiño, Gondomar, Mondoñedo, Ortigueira, Ponteceso, Portomarín e Baiona) xa son 28 os competidores desta terceira edición. A organización continúa a rolda de contactos coas localidades galegas

de menos de 45.000 habitantes.

As "Flores de Honra", que abranguen cinco niveis, son o distintivo que se concede anualmente aos municipios participantes, segundo criterio dun xurado especializado formado por expertos de recoñecido prestixio no ámbito do paisaxismo. O programa recoñece tanto a traxectoria como as accións levadas a cabo polos concellos galegos para mellorar e resaltar os espazos verdes urbanos, a súa xestión sostible, a educación ambiental e a concienciación cidadá no coidado da contorna.

No caso de Salceda de Caselas destacan os numerosos investimentos que levan realizando desde hai máis dunha década para a recuperación dos espazos públicos para as persoas, tanto no casco urbano como nas sete parroquias que conforman o municipio. De feito, as sendas fluviais convertéronse xa no sinal de identidade deste concello, con espazos verdes

de recreo ao longo das ribeiras dos ríos Caselas, Landres e Lagoela; un bo exemplo de actuación respetuosa co medio que ademais cumpre cos parámetros de accesibilidade universal.

Entre as actuacións máis destacadas tamén resalta o acondicionamento de numerosos espazos verdes no rural como a Carballeira de Xabarís, a área recreativa de Rubás ou a dos muíños do Regueiro. En canto ao casco urbano, o concello segue unha política de humanización e recuperación dos espazos públicos para as persoas con actuacións en numerosas rúas, prazas e outros espazos da vila, destacando a remodelación da Praza da Devesa, a humanización da Rúa Compostela e adxacentes ou a urbanización da Rúa da Gándara.

Na pasada edición, o xurado distinguiu aos concellos de Chantada e Allariz con catro flores de honra, Caldas de Reis e Salvaterra



con tres. A Portomarín, Ponteceso, Tomiño, Mondoñedo, A Guarda, Culleredo, Cuntis, Carballiño e Betanzos con dous; e Gondomar, Ortigueira e Baiona foron recoñecidos cunha flor de honra.

No último trimestre do ano un xurado realizará as visitas a todos os concellos participantes e decidirá que concellos son merece-

dores de algunha distinción así como de subir ou baixar o número de flores que alcanza cada concello ata un máximo de cinco.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com , Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURIÑA

O PORRIÑO

Seis Concellos comprometéronse de novo cos traballadores de “Maderas Iglesias” na procura de solucións

Seis dos concellos máis afectados pola crise de “Maderas Iglesias” xa que teñen máis veciños entre os 148 traballadores, estiveron representados na xuntanza celebrada o día 8 no Porriño co comité de persoal desa industria.

Á convocatoria realizada e presidida pola alcaldesa porriñesa, Eva García de la Torre acudiron as súas homólogas de Mos, Nidia Arévalo; Salceda de Caselas, Loli Castiñeira e Tomiño, Sandra González. Tamén asistiron os tenentes de alcalde de Salvaterra do Miño, Ernesto Groba e de Ponteareas, Cristina Fernández.

De todos estes concellos, Salvaterra é o máis afectado con 34 veciños entre os traballadores de “Maderas Iglesias”. Porriño ten 25; Ponteareas, 23; Mos, 20; Salceda de Caselas, 10 e Tomiño, 2.

Os membros do comité de persoal e delegados sindicais expu-



xeron as súas críticas “ante a falla de compromiso por parte do empresario Juan Ramón Iglesias en presentar un proxecto viable que esixe o IGAPE”. E tamén amosaron a súa inquedanza porque “a Xunta de Galicia tarda en materializar o apoio que din que quere darnos”, manifestou Vicente Molares, presidente do comité laboral.

As representantes dos diversos

concellos manifestaron o seu respaldo aos traballadores e deron conta das xestións que están a realizar. Nomeadamente Nidia Arévalo que informou que “fala a diario” co novo director do Instituto Galego de Apoio e Promoción Económica (IGAPE) e adiantou que agarda que “o vindeiro martes manteña unha reunión con vos”.

En paralelo, realizaranse outras

xestións preto do empresario e dos acredores bancarios, segundo comprometeron as alcaldesas e representantes dos concellos presentes.

“Por nos non vai quedar facer todo o posible, e sabemos que a Xunta está tamén por botar unha man, para evitar a desaparición dos 148 postos de traballo que están en xogo”, rematou a alcaldesa do Porriño, Eva García.

Aida Valiño Campiona Galega de Contra Reloxo



A triatleta Aida Valiño, flamante fichaxe do novo equipo ciclista porriñés “Louriña Cycling Team”, produto da fusión entre “Máster da Louriña” e “A.D. Avanza”, proclamouse campioa galega de contra reloxos individual 2020, na categoría elite. Cun crono de 19:36, Aida amosou a súa calidade. Hai que ter en conta que volveu á competición xa que estivo aleixada do ciclismo nestes últimos anos despois da súa maternidade e de sufrir dous accidentes de tráfico cando adestraba.

Na mesma categoría, a porriñesa “Chus” Barros, do “Spol C.C.” foi subcampioa de Galicia cun tempo de 21:09.

0 concelleiro de infraestruturas convoca aos veciños a rúa Aloques para informarles do plan de obra

Pedro Pereira, concelleiro de Infraestruturas convoca aos veciños da rúa Aloques a unha xunta informativa que terá lugar o vindeiro martes día 13, ás 19 horas, no salón de sesións do Concello. Trátase de informarles sobre o plan de obra para executar o proxecto de humanización da devandita rúa.

Os traballos comezarán o luns 19 a cargo da empresa adjudicatária que resultou ser “Escavacións e Construcións Pérez Portela”.

O Concello do Porriño sacou a licitación pública a humanización da rúa Aloques, cun orzamento de 422.636 €, con cargo ao Plan Concellos 2020.

Este proxecto do goberno municipal, a proposta do concelleiro de Infraestruturas, Pedro Pereira



plántea o tratamento deste espazo urbano cunha mellora que abrangue a renovación e ampliación dos servizos existentes. A tal fin compre a demolición do firme actual e a súa substitución por un en-lousado en pedra. E ademais acometerase a recollida de pluviais, saneamento, abastecemento de auga, telecomunicacións e electricidade.

Como apreciase nas imaxes de recreación virtual que acompañan esta nova, a rúa Aloques quedará de tránsito peonil, sen tráfico de vehículos agás residentes, segundo o proxecto que foi presentado previamente polo concelleiro de infraestruturas aos residentes na reunión que celebraron o 5 de decembro de 2019 na casa do Concello.

A pista 2 do Polideportivo Municipal estrea nova imaxe



A pista 2 do Polideportivo Municipal, unha vez rematadas as obras de lixado, arranxo e colocación da nova superficie de madeira para concluír a reparación dos danos ocasionados polas inundacións do 1 de xuño, estrea nova imaxe co pintado das liñas da cancha en cor morada.

A decisión responde a “un xesto de solidariedade coa perspectiva de igualdade e contra a violencia de xénero”, manifestou David Alonso, concelleiro de Deportes que hoxe estivo a comprobar diversas

actuacións no Polideportivo. Entre elas, a colocación nas dúas pistas de novas proteccións na zona das canastras.

O concelleiro inspeccionou os traballos de arranxo do ximnasio do Pavillón 1 que están a rematarse coa colocación do novo parqué de vinilo, despois de ter concluídas as obras de impermeabilización. Neste ximnasio terán lugar as clases de pilates e de ximnasia de mantemento en catro quendas, cada unha con 10 persoas e divididas por días.

A concelleira de Educación reclama á Xunta información periódica sobre os contaxios de covid nos centros docentes

Lourdes Moure, concelleira de Educación reclamou no nome do Concello do Porriño á Xunta de Galicia "información clara e periódica sobre os contaxios de covid nos centros docentes". A concelleira expresou "o malestar fronte á Consellería de Sanidade pola falta de información que temos sobre a incidencia do Covid no concello e particularmente na parte que me toca, na comunidade educativa". Lourdes Moure lembrou que tivemos casos en dous centros, "Aceasca" e no CEIP "Fernández López" dos que "enterámonos de xeito extraoficial e a través de terceiros", engadiu a concelleira.

Lourdes Moure manifestou que a súa Concellería tamén



trasladou este malestar á FEGAMP sumándose aos demais concellos que tamén reclamaron á Xunta de Galicia información diaria da incidencia do Covid nos axuntamentos.

Moure Varela lembrou que concellos como O Porriño "es-

tamos a facer un esforzo orzamentario moi importante en asumir tarefas como a desinfección diaria de colexios e garderías aínda de que se trata dunha competencia impropia que asumimos pola seguridade dos nosos nenos e nenas", rematou.

Entrou en vigor a modificación da ORA ("zona azul") na contorna do mercado

O Concello e a Policía Local do Porriño informan de que entrou en vigor a modificación da ordenanza reguladora de aparcamentos (ORA), segundo o acordo acadado polo pleno da corporación municipal do Porriño o pasado 30 de xuño e unha vez cumprimentados os prazos legais de alegacións e publicidade.

As dúas principais novidades desta modificación son a contía das sancións e o límite de tempo de estacionamento.

A principal causa pola que se acometera esta modificación da ordenanza foi a limitación do tempo de aparcamento. Deste xeito aténdese unha reclamación da veciñanza pola escaseza de aparcamento na zona da Praza de Abastos e a gran demanda de prazas de estacionamento que se require para a atender o comercio.

A Concellería de Seguridade atendeu esta petición en aras de dinamizar ao Mercado e o comercio local e dar unha solución ao problema de circulación.



Por estas razóns, limitábase o estacionamento dos vehículos a 45 minutos (e non de hora e media como antes) considerando ese tempo como dabondo para realizar as compras no mercado e no comercio local.

No que atinxe ás multas por infracción da ordenanza, actualízase ao establecido polas leis de tráfico. Polo tanto haberá unha redución do 50% se o pagamento da sanción se fixera efectivo no prazo de 20 días naturais. O importe das sancións

non se incrementou. Sanción de 36 € por modificar a hora de chegada despois do estacionamento; e sancións de 24 € por falta de disco ou comprobante; superar o límite horario; estacionar de novo na mesma rúa ou praza sen que transcorreran dúas horas; ou ocupar dúas prazas de estacionamento.

As prazas destinadas a persoas con dificultades de mobilidade manterán o tempo de estacionamento de tres horas.

Mos presentou o inicio de etapa da Volta Ciclista a España 2020



Baixo o lema "Mos con La Vuelta", a alcaldesa de Concello de Mos, Nidia Arévalo, o director de "La Vuelta a España", Javier Guillén, a directora xeral de Turismo da Xunta de Galicia, Nava Castro, e o "embaixador" da Volta, Óscar Pereiro, gañador do Tour de Francia 2006 e veciño de Mos, presentaron as actividades previstas para a saída da 15ª etapa da Volta Ciclista a España, a realizarse o próximo 5 de novembro neste concello pontevedrés.

O acto levouse a cabo no Pazo dos Marqueses de Mos, e contou coa asistencia de membros do tecido asociativo, deportivo, cultural e empresarial da mesa sectorial "Mos con La Vuelta" así como concelleiros do goberno municipal.

A alcaldesa Arévalo destacou que "Mos está no mapa", xa que este Concello será a única localidade da provincia de Pontevedra que terá a súa etapa de saída da Volta 2020 e que este evento fortalecerá a importancia do concello como paso estratégico do Camiño Portugués de Santiago. Palabras que foron corroboradas por Nava Castro, quen salientou que Mos será centro de atención mundial grazas á transmisión televisiva para 190

países desta Volta ciclista.

Pola súa banda, o director de "La Vuelta", Javier Guillén, declarou que este certame ciclista "estaba en débeda" con Mos no cometido de outorgarlle unha etapa clave da Volta Ciclista a España, e por iso ese "compromiso" foi ratificado coa saída desta 15ª etapa.

Pola súa banda, Óscar Pereiro, embaixador desta edición da "Volta", explicou os tramos polo que discorrerá esta etapa no Concello de Mos, previstos en 8 quilómetros, e que proseguirá ata A Pobra de Sanabria.

Os presentadores do acto aseguraron que están garantidas tódalas medidas de seguridade previstas polo COVID 19 esta edición "atípica" da Volta a España. A alcaldesa mosense tamén destacou o labor da Pali-leiras de Mos e da Escola de Deseño local, que está a elaborar mascariñas co símbolo deste evento. Tamén informou que os actos desta etapa comezarán o 24 de outubro, cun concerto de O Milladoiro no Pazo dos Marqueses.

O maillot que portarán os ciclistas nesta Volta tamén foi presentado neste acto, e ten un deseño tipicamente local, destacando o símbolo da Rosa de Mos na súa indumentaria.

BAIXO MIÑO

O GDR14 presenta “Parte de ti”, unha campaña de apoio ao rural



A Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural presentou no mercado de Tomiño a súa campaña de sensibilización “Parte de ti”. No acto de presentación estiveron presentes 9 alcaldes e 2 concelleiros dos 13 concellos que forman parte do Grupo de Desenvolvemento Rural (Galicia Suroeste Eurural).

Esta campaña parte do obxectivo do grupo de crear unha marca kilómetro cero para poñer en valor o produto local.

“Parte de ti” é unha campaña que trata de sensibilizar, concienciar e informar basándose nas historias das produtoras e produtores. Cada unha destas historias cóntase en forma de vídeo para achegar a realidade do rural ao espectador. Po-

deranse visualizar estes vídeos nesta web e nas redes sociais de Eurural (@eurural_gdr14). Estas vías servirán tamén para lanzar unha convocatoria aos comerciantes que vendan produto do rural e queiran formar parte do GDR – que poderán lucir o distintivo “Parte de ti” na súa porta ou a través dun banner na súa plataforma de venda online – e aos produtores do rural que queiran unirse.

Ademais, a través das redes sociais de Eurural, realizarase varios sorteos de experiencias no noso territorio, para que as persoas gañadoras poidan sentir o rural de primeira man, descubrir os nosos produtos e coñecer aos nosos protagonistas.

Durante a rolda proxectouse o

vídeo de presentación da campaña e unha das historias dun dos produtores, José Manuel Fernández, de O Forno de Mosende, que ademais entrevistou ofrecendo as súas verbas para poñerlle voz aos produtores e falar da situación do pan do Porriño.

Asistiron á presentación: Andrés Iglesias, alcalde de Pazos de Borbén; Daniel Boullosa, concelleiro de Redondela; David Alonso Bargiela, concelleiro de O Porriño; Enrique Cabaleiro, alcalde de Tui; Ánxela Fernández Callís, alcaldesa de O Rosal; Antonio Lomba, alcalde de A Guarda; Cristina Correa, Alcaldesa de Oia; Carlos Gómez Prado, alcalde de Baiona; Paco Ferreira, alcalde de Gondomar; Juan González, alcalde de Nigrán.

Curso de competencias dixitais para mulleres en Tomiño

O Concello de Tomiño está a desenvolver o curso ‘Competencias dixitais para o emprego e nas relacións coa Administración’, un obradoiro dirixido a mulleres usuarias dos departamentos municipais de Benestar Social e Orientación Laboral en situación de desemprego, de mellora de emprego e/ou en situación de especial vulnerabilidade.

O curso, co-financiado pola Deputación e o Concello, impartese dous días á semana, dúas horas e media cada día, do 5 de outubro ao 10 de decembro na Aula Obradoiro de Goián. Ademais o Concello ofrece ás participantes que o

precisen servizo de canguraxe gratuito no grupo de tarde.

As participantes recibirán formación teórica/práctica en internet básico e medio (correo electrónico, Google office...), internet para o emprego (novos traballos e profesións, elaboración de CV e distribución por web/mail, boas prácticas en redes sociais para uso profesional, portais e buscadores de emprego...) así como no uso das webs da Administración (sinatura dixital, SEPE, Seguridad Social...). O curso completase cun módulo dedicado a Dereitos Laborais e un módulo básico de Igualdade, impartidos por profesionais de ambas áreas.

A Escola Municipal de Teatro de Tomiño inicia as súas actividades

Non se abrirán inscricións debido á necesidade de limitar as prazas para cumprir coa normativa de seguridade. Os criterios seguidos por Tamara, a mestra encargada, foron a antigüidade dos alumnos na Escola de Teatro e a convivencia entre os mesmos, establecendo grupos reducidos que estarán limitados a 9 ou 10

participantes. Co fin de cumprir estes criterios, aumentaranse os grupos e días de clase, formando un total de 6, que estarán repartidos entre o luns e o martes.

A duración das clases será de unha hora e quince minutos a fin de que se poidan realizar tarefas de desinfección e ventilación entre cada clase.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

Letras Galegas 2020: Carvalho Calero

Carvalho terá 1000 primaveras

**Eduardo Maragoto
(presidente da AGAL)**

Carvalho Calero tivo várias fases bibliovitais, permita-se-me o neologismo, em que cultivou praticamente todos os géneros que podia exercitar um autor contemporâneo. A poesia está presente em todas elas, mas costuma ser lembrado por umha faceta intelectual mais concreta para cada etapa.

Até 1936, por exemplo, podemos dizer que ele é referido principalmente como poeta, mas também começava a destacar como orador. No último lustro dos anos 30 tem sido destacada a sua poesia em castelhano, principalmente os sonetos que escreveu na prisom de Jaém (pola qual tivo que passar por ter defendido a República), embora a sua obra poética nesta língua se prolongasse ainda por um decénio. A década de 40 também é o período em que escreveu o primeiro romance galego do pós-guerra, *A Gente da Barreira*, publicado em 1951.

Nos anos 50 e primeiros 60 destaca o seu trabalho pedagógico, por estar em Lugo dirigindo um colégio privado muito avançado para a época chamado Fingoi. Dessa altura também cabe salientar a sua produçom teatral e é o momento em que escreve a que passará à história como a obra-prima de Carvalho, a *História da Literatura Galega Contemporânea*, usadas por várias gerações durante décadas.

No ano 1965 começa a sua época com-postelana, vinculado à Universidade de Santiago. A partir daqui começa a prestar cada vez mais atençom à língua, tanto

nos artigos em que analisava a obra dos autores e autoras que estudava, como em muitos artigos sobre planificaçom linguística, nas diferentes propostas de normas ortográficas que redige e, obviamente, na sua *Gramática elemental del Gallego Común*, que publica em 1966. É a etapa em que se converte, em 1972, no primeiro catedrático de Linguística e Literatura Galega da Universidade Galega.

No ano 75 começa a enxergar-se um novo período da sua vida. Pronuncia-se a favor da convergência do galego com o português e dedica cada vez mais páginas a desenvolver e atualizar a sua obra conforme este ideário. Seis anos mais tarde nascia o movimento reintegracionista e começava o famoso ostracismo de Carvalho polos círculos académicos que até entom tanto o aplaudiram.

Os últimos cinco anos da sua vida som os mais prolíficos de um ponto de vista literário. A sua obra poética e narrativa é ainda desconhecida para o grande público, porque ficou eclipsada por outras dimensões e polo facto de as duas obras mais aplaudidas e importantes dele (*Scópio*, de narrativa; e *Reticências*, de poesia) estarem escritas em galego reintegrado, de maneira que, infelizmente, ainda nom lhes foi possível chegar ao ensino com normalidade.

Os parágrafos anteriores nom deixam lugar a dúvidas. Carvalho Calero foi todo

para a língua e a cultura galegas. É verdade que a unanimidade sobre a monumentalidade da sua obra, nom tem ainda continuidade no relativo aos efeitos de se ter convertido no principal pensador do reintegracionismo linguístico, mas o debate

sobre esta parte da sua obra continua sem perde vigor passados 30 anos da sua morte. É, a meu ver, a faceta que já o fijo passar à história do nosso país e a que o vai preservar na nossa memória coletiva mais 1000 primaveras.



Visite TUI
CONCELLO DE TUI

ENTREVISTA

Por Roberto Mansilla Blanco

Antón Vidal Andiñón, presidente de Editorial Galaxia

"A existencia de Editorial Galaxia é un milagre"

Neste 2020 signado pola pandemia do COVID 19, a Editorial Galaxia está de aniversario. Cumpre 70 anos de existencia como referente editorial e cultural de Galicia.

Antón Vidal Andiñón (Pontevedra, 1948), o seu presidente desde 2014, falounos sobre este histórico aniversario e o momento actual do mundo editorial en Galicia.

- Editorial Galaxia cumpre 70 anos de andaina. Qué avaliación pode facerse dunha traxectoria editorial tan importante para o país?

Hai que entender como nace Galaxia e cal era a súa finalidade. Galaxia nace nunhas circunstancias complexas, tremendamente difíciles, nun país dominado pola desestabilización e sobre todo polo medo. E nace da man duns vellos militantes do Partido Galeguista na clandestinidade, tal e como veuse reflectido no seu primeiro Consello de Administración. Todos os compoñentes desde Consello foron sancionados administrativamente ou con penas de cárcere. Por tanto, daquela parecía unha milagre que Galaxia puidera existir. Galaxia naceu desa necesidade de darlle ao país unha masa crítica que puidera soste, e de trasladar o que era a cultura galega e a cultura galeguista ás novas mocidades.

Cal é a valoración dos setenta anos? Nas circunstancias dunha sociedade como a galega, Galaxia

segue sendo un milagre. Hai que pensar que Galaxia ten unha fórmula de Sociedade Anónima, dunha entidade mercantil, pero nunca repartiu dividendos. Ningún cargo do Consello de Administración percibe algún tipo de salario. É por tanto unha anormalidade do que é o mundo capitalista.

- Precisamente, por Editorial Galaxia pasaron as e os mellores escritora/es do país, así como mantén como sinal de identidade propia a Revista Grial, Revista Galega da Cultura. Isto converteu á editorial na verdadeira referencia histórica da edición en lingua galega. Como observa por tanto o momento actual do mundo editorial en Galicia?

Hai que tomar sempre como referencia as circunstancias económicas pola que pasa o país e incluso a humanidade, como a crise de 2008. Dende o ano pasado (2019) a situación tornouse máis complicada e caótica. Agora temos un gran problema que, co confinamento, a xente non con-

sume por medo. Pénsese que agora mesmo o mercado do ensino é un mercado pechado, polo tanto é moi difícil chegar coas novidades a estes profesos. Precísase tamén dunha modernización para apuntar o que é o gran mercado por vías telemáticas. No caso das vendas, pode haber un diferencial de 40 ou 50% co respecto ao ano 2019.

- Observa apoio institucional ao sector editorial en galego?

Ese é un dos grandes debates que ten o mundo editorial galego e, en si, o propio pobo galego. Eu son dos que creo que sería necesario e inaprazable un gran acordo institucional sobre cal é o momento da lingua, cal é o momento da cultura, como nos vamos a enfrontar a eses novos retos. Un gran acordo de pobo, dunha necesidade que asumamos que a cultura galega e o idioma son un problema colectivo. Nunca tivemos unha mocidade tan culta co respecto ao que é a lingua. O que si é certo é que esa mocidade non sente a necesidade da utili-



zación da lingua.

- A editorial sempre mantivo o compromiso asumido pola denominada Xeración Nós de defender e promover esa identidade. Neste 2020 tamén se cumpre o centenario da aparición da Xeración Nós. Considérase que a sociedade galega actual segue a manter inalterable ese compromiso coa súa lingua e cultura?

Unha das preocupacións dos

fundadores era elevar a lingua a un nivel culto e académico, tomando en conta as súas orixes rurais e abandonando a idea de que era unha lingua vulgar. Esa é unha preocupación constante e que seguimos tendo. En 1950, o 80% da poboación de Galicia vivía no mundo rural. Nas preocupacións estaba a necesidade de tradución ao galego das obras clásicas doutras linguas, así como de autores estranxeiros. Galaxia im-



ENTREVISTA

pulsou a creación do Instituto da Lingua Galega e a revitalización da Real Academia Galega. Hoxe en día, o 80% dos galegos vivimos nas cidades e só o 20% na aldea. Por iso é necesario levar á conciencia da mocidade de que a lingua é o sostén de nós como pobo, de comunidade única e diferenciada no mundo.

- Neste novo aniversario, a editorial estrea logotipo, baixo o lema "70 anos con nós", baseado nun deseño realizado por Xaime Isla Couto e usando igualmente a tipografía utilizada por Castelao na revista Nós. Pode explicarnos en que se basa esta nova imaxe de Galaxia?

O logo deste 70 aniversario reflicte esa unión no tempo entre todo o que significou o movemento galeguista dende as Irmandades da Fala pasando pola Xeración Nós. Por tanto, fixemos unha reflexión: que significan estes 70 anos e ese engastallamento coa Xeración Nós? Hai que tomar en conta que quen presidiu por primeira vez esta casa foi un dos membros activos da Xeración Nós, Don Ramón Otero Pedrayo. Para nós non é unha cuestión só de intelectualidade ese logo, do que significa unir a Nós con Galaxia, senón unha cuestión de herdanza. Podemos dicir sen petulancia que nós, en Galaxia, somos os herdeiros

mais directos da Xeración Nós.

- Tamén está a relación da editorial con tres fundacións: a Fundación Otero Pedrayo, a Fundación Isla Couto e a Fundación Penzol. Como é esa relación institucional?

Unha das preocupacións dos fundadores de Galaxia tamén era de que no país houbera institucións galegas e galeguizadas. A Fundación Penzol é do ano 1963 e Fermín Penzol-Labandera era un entusiasta galeguista con gran vocación de bibliófilo. Foi así xuntando unha serie de coleccións, documentos, que puxo a disposición de Galaxia. E a editorial toma a decisión de crear a Fundación Penzol, con sede en Vigo, porque esta era a única cidade que non tiña ningunha institución do eido da cultura galega e galeguista, e constituír así un fondo do galeguismo vivo, desde os anos 1920 ata agora.

A Fundación Otero é unha manda do propio Don Ramón Otero Pedrayo no seu último testamento, no que desexaba que Galaxia fora o seu herdeiro. Por tanto, o anterior Consello de Administración decidiu así crear a Fundación Otero.

Por último, Xaime Isla, en recordo e honra do seu irmá Ramiro, un referente pouco coñecido do galeguismo, constitúe unha fundación tamén con sede en Vigo e con finalidades sociocomunitarias

e relixiosas. Digamos que todo ese é o gran grupo que está baixo o paraugas de Galaxia, sendo a editorial a célula de todos eles.

- É un feito que estamos no mundo dixital, co avance do e-book. Como observa este tránsito dixital dentro do mundo editorial?

Aínda que era algo que parecía que viña para arrombar o mundo do papel, é tamén un feito que en EE.UU. está caendo a porcentaxe de vendas do e-book, con aproximadamente un 20%. Nun mercado como o galego ou do Estado español, onde temos unha moral mais laxa e se vulneran as normas, parece que o libro electrónico ten determinada acollida. A pesares de que todas as editorías facilitamos ese formato, polo menos nós podemos dicir que non notamos ese avance do libro electrónico, polo menos no caso do lector. O lector ten unha necesidade física de estar en contacto co libro, incluso de cheirar os libros. Por iso non notamos esa puxanza que pensábamos ía ter o libro electrónico. De momento, está moi por debaixo do libro en papel e ten as súas dificultades. Tamén quero aproveitar para dicir o papel que se denomina de marca ecolóxica, que son de produción de vexetais sostibles, son tan



sostibles como os libros electrónicos.

- En que medida afectou a pandemia do COVID 19 ao funcionamento da editorial?

É algo que estamos aínda sufrindo e é unha preocupación para as contas da editorial. Afectounos extraordinariamente no asunto do diferencial de vendas do 40% co respecto ao ano anterior, e incide na produción e no emprego fixo e activo. Galaxia segue mantendo o seu número de traballadores fixos pero si é certo que durante o confinamento perdemos posibilidades de editar e a xente non acode ás presentacións de libros por medo. Houbo un tirón a nivel de libeiros coa

chegada do verán, pero en setembro vai retrasado o mercado por comezar mais tarde os cursos académicos. Vímonos tamén na obriga de acoller algún ERTE.

- Finalmente, podería adiantarnos qué novidades editoriais podemos agardar de Galaxia para os próximos meses?

Temos un plan editorial que aprobamos todos os anos e que para este 2020 houbo que reformular polos retrasos causados pola COVID 19. Está por saír o prelo do premio literario Vila Nova e de fallarse o premio Repsol. Acabamos de editar a novela de Antón Ribeiro Coelho, así como o segundo libro sobre Castelao. Estamos preparando unha antoloxía da Xeración Nós e varios libros da Xeración Nós, que sairá de aquí a Nadal así como algunha que outra novidade.

Sacar adiante o plan é difícil. Creo é a primeira vez dende que eu estou en Galaxia que a revista Grial veuse na obriga de sacar dous números en conxunto, o do 70º aniversario, debido aos retrasos motivados polo confinamento. En 2019 sacamos 156 títulos, cada dous días e medio producíamos un libro. Hoxe estamos bastante lonxe desa posibilidade.

‘Eu desexaría unhas primaveras nas que florescesen sen receios a unidade e variedade do noso idioma e da nosa cultura.’

www.concellodecovelos.es



Autor do debuxo: Diego González Enes, alumno do 6º curso CEIP Antonio Blanco Rodríguez en pequena homenaxe ao autor.

LETRAS

Por José Paz Rodrigues — (Professor aposentado da Universidade de Vigo, Presidente da ASPGP e Académico da AGLP)

Presença de Carvalho Calero na ASPGP

Finalmente, e já era hora, a RAG dedicou-lhe no ano 2020 as “Letras Galegas” a Ricardo Carvalho Calero. Fato que já tinha que ter sido dez anos antes, em 2010, quando se cumpria o centenário do seu nascimento. Carvalho Calero teve com a ASPGP (Associação Sócio-Pedagógica Galaico-Portuguesa) um relacionamento enormemente importante e decisivo e, de alguma maneira, foi sempre o guieiro da associação para esta assumir os postulados do reintegracionismo linguístico para a nossa língua e a vinculação com o espaço linguístico-cultural da Lusofonia e do Mundo Lusófono, integrado por Galiza, Portugal, Brasil, Angola, Moçambique, Guiné-Bissau, Cabo Verde, São Tomé-Príncipe, Timor Leste, Goa e Macau. Naturalmente, embora ser Carvalho o guieiro principal, também o foram os históricos Biqueira, Vilar Ponte, Dieste, Bouça-Brei, Rodrigues Lapa, Murguia, Risco (em alguma época), Marinhos del Valle, Paz Andrade, Guerra da Cal, Blanco Torres, Diaz Pardo, Castelão, Manuel Maria e os, ainda felizmente vivos, Montero Santalha, Gil Hernández, Estraviz, Banhos, Barbosa, Carlos Durão e Fontenla.

A vinculação de Carvalho com a associação foi sempre muito extensa e estreita. Ademais da publicação pela ASPGP de vários dos seus livros, que citaremos mais adiante, e da publicação de vários dos seus depoimentos nas revistas O Ensino e Temas de O Ensino, já em 1978 (do 4 de novembro ao 2 de dezembro) Carvalho participou como relator, junto com o catalão Lluís Aracil, no simpósio

celebrado em Compostela sobre “Problemática das línguas sem normalizar: Situação do Galego e alternativas”, que mais tarde deu lugar à publicação dum livro monográfico; em 1980 no da “Área Literária Galego-Portuguesa e Brasileira”, celebrado na mesma cidade do 3 ao 31 de maio, onde também participaram os portugueses José Augusto Seabra e Manuel Ferreira. Em 1983, como já comentaremos, esteve presente todos os dias nos que se desenvolveu em Barcelona o Iº Congresso Estatal de MRPs, no mês de dezembro, e apresentou no mesmo uma palestra sobre a história da língua galega. Na década dos oitenta assistiu com uma delegação da ASPGP, ao Iº Encontro de Poesia em Primavera, celebrado na linda localidade de Amarante, ao lado do Tâmega, onde pronunciou uma formosa palestra. Em 1985, junto com Fernando Alves Cristovão, presidente do ICALP, Luís A. Polanah, Isaac Estraviz, Santamaria Conde, Gil Hernández e Montero Santalha, participou no “IVº Encontro Internacional da Língua Galaico-Portuguesa”, organizado pela ASPGP, que se desenvolveu no Parador de Turismo de Ponte Vedra, do 6 ao 7 de dezembro de 1985. Onde se decidiu criar a comissão para estabelecer relações com a Academia de Ciências de Lisboa e a Brasileira de Letras de Rio de Janeiro, para a revisão do Acordo Ortográfico e incluir à Galiza no mesmo. Este encontro foi realmente importante.

Em 1989, Carvalho participou pronunciando uma palestra sobre Otero Pedraio, nas “Primeiras Jornadas de Didática da Língua”, organizadas pela ASPGP, celebradas na Escola de Magistério de Compostela, do 16 ao 18 de fevereiro de esse ano. A sua participação ao largo do tempo em diversas edições das Jornadas do Ensino da Galiza e Portugal foi muito destacada. Na edição 5ª (Compostela, 1981) pronunciou uma palestra sobre “Castelão e o teatro da arte”; esteve também na 6ª edição (Ponte Vedra, 1982); na 7ª (Compostela, 1983) onde falou sobre a nossa língua; e na 8ª (Ourense, 1984), participou com Paz Andrade e Diaz Pardo numa mesa redonda sobre o tema “Castelão, literatura, arte, política e ensino”. Mesmo, nesta edição de 1984, assistiu, com organizadores e participantes, ao roteiro-excursão realizado a Cella Nova, onde se celebrou também um almoço ao ar livre no campo de uma linda carvalheira.

Com todo o merecimento, a ASPGP



dedicou-lhe em 1987 um grosso volume da revista O Ensino, como homenagem à sua grande figura, incluindo os números 18 ao 22, com capa de Filipe Seném López Gómez. O monográfico, coordenado por José Luís Fontenla, foi impresso nas oficinas gráficas da Barbosa-Xavier, da cidade de Braga. Vários exemplares deste volume conservam-se nos locais da AGLP em Compostela (“Casa da Língua Comum”). Existem publicados vários depoimentos de Carvalho em diferentes números da revista O Ensino. Sob a epígrafe de A Inovação Pedagógica da Escola, em 1984 publicou-se um monográfico, ao cuidado de José Luís Fontenla, com os números 7 ao 10, no que se recolhiam todos os trabalhos e relatórios apresentados pelos educadores galegos no Iº Congresso de MRPs celebrado do 5 ao 10 de dezembro de 1983 em Barcelona. Entre eles um trabalho escrito por Carvalho.

CARVALHO NO CONGRESSO DE MRPs CELEBRADO EM BARCELONA:

Do 5 ao 10 de dezembro de 1983 teve

lugar no Paço de Congressos de Montjuïc em Barcelona, patrocinado integralmente pelo MEC, o Iº Congresso Estatal de MRPs. Para proceder ao seu desenho e preparação, vários representantes de MRPs – entre eles, pela ASPGP, o que subscreve este artigo – deslocaram-se à localidade de Saïfores (Tarragona), durante quinze dias do mês de julho, à casa de Marta Mata (da Associació de Mestres “Rosa Sensat”). Representando a Galiza assistiram ao Congresso, ademais de quem subscreve, como membro da organização, apresentando ponências e comunicações, representantes dos MRPs que mais tarde iam configurar a Federação Galega de MRPs: Adela Figueroa Panisse, José Luís Fontenla Rodríguez, José Martinho Montero Santalha, Elígio Vilhaverde García, Manuel A. Rei Chao (de Escola Viva) e Rafael Mouzo Lago (da Universidade Popular de Corcubión). Como NEGa (Nova Escola Galega) vinha de ser criada, foi convidado um seu representante para participar nas atividades. Na sua representação acudiu a

Continúa na páxina seguinte...



PUBLICAÇÕES DA ASPGP DEDICADAS A CARVALHO:

- CARVALHO CALERO, R., ARACIL, LL. V. e outros: Problemática das línguas sem normalizar: Situação do galego e alternativas. (ASPGP-Ed. Xistral, 1980, 2 edições).
- CARVALHO CALERO, R. e outros: A nossa literatura: Uma interpretação para hoje. (ASPGP, 1982).
- CARVALHO CALERO, R.: Da fala e da escrita. (ASPGP-Galiza editora, 1983).
- CARVALHO CALERO, R.: “Evolução histórica da língua galega”. Revista O Ensino números 7 ao 10. Ano 1984. Pp. 189-194. Monográfico sobre “A Inovação Pedagógica da Escola”.

Nota: Quando na ASPGP se criou o Seminário Permanente de Desenho Curricular, foram publicadas dentro do diário La Región de Ourense, como suplementos do mesmo, várias unidades, e entre elas uma monográfica dedicada à grande figura de Carvalho Calero.

...Ven da páxina anterior.

Barcelona a profesora Mercedes Suárez Pazos, furibunda antirreintegracionista (na realidade NEGa nasceu fundamentalmente para combater o reintegracionismo lingüístico, de aí que ainda hoje continue a sua colaboração com o ILGa, com Galáxia e com edições Xerais). Pela sua culpa, depois das grandes ofensas e tristes palavras proferidas por ela, contra os galegos presentes e, especialmente, contra Ricardo Carvalho Calero, já o primeiro día de iniciado o Congreso, no espaço dedicado à Galiza (cada Comunidade Autónoma tinha o seu espaço acotado para poder reunir-se), levou consigo que nos seguintes días os galegos não se juntaram mais. Tão desagradável foi o momento, para que isto sucedesse, do que podem dar conta e testemunhar, por estar presentes, Fontenla, Adela Figueroa e Montero Santalha.

Cada Comunidade Autónoma, por decisión do comité organizador do Congreso, podía convidar a três ou quatro vultos ou personalidades destacadas, para que participassem no mesmo. Galiza convidou a Basílio Losada Castro, professor galego na Universidade de Barcelona, a Ricardo Carvalho Calero da de Compostela, que apresentou a sua ponência com o título de “Evolución histórica da lingua galega”, e nos honrou com a sua presença e a sua agradável companhia durante os días que durou o evento. Também foram convidados pela ASPGP os portugueses Luíza Cortesão e Hélder Pacheco. O encerramento do Congreso foi presidido pelo ministro José M^a Maravall, junto com os conselheiros de educação das distintas comunidades autónomas, agás o da Galiza, que na altura era Vitor Manuel Vázquez Portomeñe, que, apesar de encontrar-se aqueles dias em Barcelona, fez o espantoso e supremo ridículo de não assistir ao ato oficial, pelo que a única cadeira valeira foi a do representante da Galiza, na que só se podia ler o letreiro. O mesmo día do encerramento, pela tarde, o conselheiro participava num ato do Centro Galego radicado nas Ramblas barcelonenses. Ali fomos todos os galegos, agás a profesora Suárez, para recriminar-lhe o seu nefasto gesto de desprezo e a sua ausência no encerramento do Congreso. Comentou-se-lhe que no fundo de tudo estava o antirreintegracionismo do governo da junta galega e que “se Maomé não ia à montanha, ia a montanha a Maomé”. O que subscreve intentou por todos os meios, chamando várias vezes ao Delegado da Conselharia de Educação em Ourense, Daniel Barata Quintas, para que lhe pedisse e recomendasse ao seu conselheiro que, estando como estava em Barcelona, não faltasse ao ato de encerramento e não deixasse ficar mal a Galiza. Fica dito para a história e a posteridade tal ignomínia, de um conselheiro que, neste mesmo ano retirou-lhe a ajuda económica que lhe fora concedida e publicada no DOG às Jornadas do Ensino celebradas em agosto de esse ano em Compostela, e mesmo foram inauguradas por ele, acompanhado da inefável Paz Lamela. Tudo um contra-senso muito difícil de entender.

“Conversas en Compostela con Carballo Calero”, “Romance Scórpio”, “Escritos sobre Castela” e “Reticências”, publicacións de Sotelo Blanco

Corría o ano 1986, Sotelo Blanco Edicións publicaba en Barcelona, aínda que xa estaba edificando en San Marcos, Compostela, para trasladar a súa sede social. Era un momento complicado. Editar en Galicia supoñía entrar na guerra entre lusistas e oficialistas. Por aquel entón había un patrón a seguir para os primeiros, tratábase de don Ri-

cardo. Como nos sectores enfrontados aos lusistas falábanme mal de don Ricardo, pensei que o mellor era coñecelo. Ao pouco tempo, Miguel Anxo Fernán-Vello e Francisco Pillado Mayor propóñenme facer un libro de entrevistas cuxo protagonista fose Ricardo Carvalho Calero. Aceptei a proposta e aos poucos días citámonos todos no Derbi de Compostela, logo de horas de parola, decateime de que acababa de coñecer un home encantador. Faloume dos problemas aos que se enfrontaba para poder editar, xa que non era da corda dos do monopolio cultural de Galicia. Eu coñecía a súa Historia da literatura galega contemporánea publicada por aquel entón en Galaxia e non acreditaba que naquel momento se marxinasen dese xeito a un profesor de tanta magnitude intelectual.

Como dirían na miña aldea, fixemos “boas migas”, e dende entón non só decidín que lle publicaría as obras que me presentase, senón que pasamos horas conversando á vez que se comezaba a forxar unha boa relación persoal. Ao pouco tempo, Fernán Vello e Pillado Mayor remataron o que ía ser o libro de Conversas en Compostela con Carballo Calero, no ano 1986. Eu estaba contento e don Ricardo moi ilusionado ao ver como os seus escritos ían ver a luz. Aos poucos días, tomando un café na súa casa, díxome que tiña un traballo de facía tempo ao que lle chamaba o libro da súa vida. Era o seu romance Scórpio, que publicamos finalmente no ano 1987. Posteriormente publicamos Escritos sobre Castela (1989) e xa instalados na editora de Compostela, publicamos Reticências.


Lembro especialmente o día que lle entreguei o primeiro exemplar do libro de Scórpio, acabou de saír do prelo, como o



amigo e vello profesor se emocionou ao me confesar que nunca pensara ver este traballo publicado en vida. Pasado algún tempo, a relación autor-editor acabou por se converter nunha auténtica amizade, e un bo día no salón da súa casa mostroume un exemplar da súa obra Historia da literatura galega contemporánea que publicara a editorial Galaxia e que por aquel entón estaba esgotada. Ofrecíame os dereitos para a súa publicación, ao que accedín sen pensar. Xa tiña o contrato asinado á espera da revisión actualizada por parte dun tal Rodríguez. Presentoumo, comprometeuse a levalo a cabo, pero non tiveron máis noticia. Finado don Ricardo e pasados os dez anos dende que se asinou o contrato, a obra non me consta que se volvese publicar. Mágoa me dá cando penso niso.

Seguen pasando os anos e aínda hai xente en Galicia que monopoliza as institucións e máis a cultura galega, pero a obra de don Ricardo Carvalho Calero está aí e, malia que lle pese a algunhas persoas, mira ti por onde agora non teñen máis remedio que adicarlle o Día das Letras Galegas a quen fora o meu amigo e persoa talentosa, un referente da nosa cultura galega máis universal.

E a súa idea seguirá sendo unha referencia, pois o futuro da lingua galega, desligada do tronco común, está ao bordo do abismo da Historia.



cardo Carvalho Calero xunto coa xente nova que era ou fora alumna del. Logo de observar a situación, e como novo editor, pensei que debía empezar a marcar unha liña de publicación na que coubese a pluralidade que se manifestaba na realidade de entón.

Viña de Barcelona e interesábame coñecer como se movía e quen integraba o sector editorial galego, tanto no nivel de produción como no da

Visite a nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

LETRAS

Elías Torres Feijoo. Filólogo e profesor na USC e responsable do Grupo Galabra

Ricardo Carvalho Calero: prever e prover

Há pessoas certamente de incidência relevante nalgum dos coletivos a que estão vinculadas; há mesmo quem se destaca como co-adjuvante de fenómenos que redundam na comunidade.

E há pessoas como Ricardo Carvalho Calero, decisivas.

Facilmente, vem à memória a sua História da Literatura Galega, bem valiosíssimo, referente de prestígio comunitário, ferramenta fundamental para o ensino e a investigação da literatura galega, e para a coesão e legitimidade da Galiza como entidade de seu no concerto do mundo. E, ao lado daquela História, o correlato que as várias edições da sua Gramática constituíram, tão basilares que o nosso presente seria mais precário sem aquela e sem estas.

E, mesmo assim, Carvalho é muito mais.

Como intelectual de vanguarda, respondeu a cada passo aos desafios com que a vida e as circunstâncias do País o interpelavam, com coerência verdadeiramente notável até ao final dos seus dias; recolhendo a tradição do pensamento galeguista, acrescentando-lhe o seu saber e sensibilidade, sempre com honestidade e profundo sentido da responsabilidade.

Desde os anos trinta até aos oitenta do século que habitou, trabalhou sobre a Galiza, mas, fundamentalmente com a Galiza, propondo soluções de porvir e futuro.

Quando lembramos isto emerge toda a floresta que o singular Carvalho é: jovem do Seminário de Estudos Galegos e ativista estudantil; universitário comprometido, na juventude, na maturidade. Político, protagonista de momentos fortes da nossa História na elaboração dos primeiros rascunhos do estatuto de autonomia referendado em 1936... Defensor da legalidade republicana e por isso mesmo represaliado,

encarcerado, excluído. Inovador no ensino em Fingoi, pioneiro nas letras como primeiro romancista de após-guerra e autor, nos anos oitenta, dum romance determinante para entender o galeguismo, a guerra e



suas consequências. Poeta, persistente poeta, sempre que pudo, poeta; e autor teatral. Sociolinguista, ensaísta, investigador: só ancorar na sua dedicação rosaliana justificaria o ato público de reconhecimento.

Orador, articulista, divulgador.

Arquiteto dum pensamento sólido como sólidas foram as pontes que tendeu: entre as gerações do pré-guerra e as que até hoje o contemplam; entre a Galiza e Portugal, e o universo todo da língua portuguesa. Achegando, dando sentido, dimensão e compreensão à nossa língua e a quem nela produziu. Veículo e apoio de passagens para melhores dias e conhecimentos.

E Professor; levam a sua marca-de-água de estudo, gerações inteiras, desde o franquismo até às primeiras promoções de Filologia Galego-portuguesa saídas da Alma Mater que tanto honrou com a sua presença e dedicação, como está honrada a Universidade de Santiago de Compostela por tê-lo entre os mais ilustres membros do seu claustro.

O saldo é de tal magnitude que coloca Carvalho Calero na mais seleta pléiade de artífices imprescindíveis e incontornáveis do nosso ser coletivo. Polo que é e polo que representa.

“Cada día tem o seu afã” é sentença que penso define o norte essencial de D. Ricardo: orientou-se à tarefa, aos diversos afãs que sentiu dever enfrentar, com a disciplina de quem entende que deve dedicar o seu tempo ao que poda fazer pola comunidade. Os seus tempos não foram marcados polo produtivismo a tempo taxado; era a tarefa por fazer que os determinava.

A construção galeguista está, historicamente, marcada por várias tensões; e umha delas, nda menor, é a que tem lugar entre urgências e previsões. É, provavelmente, umha das suas tensões

mais paralisantes, onde o urgente não deixa espaço para a proposta programática, para a formulação estrutural ou de longa duração. Neste sentido, a proposta reintegracionista que defendeu a partir de finais de setenta está, felizmente, marcada pola previsão; e encaixa-se perfeitamente na sequência da sua obra toda. Se os tempos da Gramática eram tempos de urgência e resistência, a partir da segunda metade da década de setenta, abre-se um espaço de esperanças, que poda chegar a converter a resistência e a resiliência em normalidade; aí, não se trata apenas de soluções ao curto prazo, que, acho, foi o que se con-

sagrou. Aí levanta-se o Carvalho previsor perante o horizonte novo para a língua, para fazer realidade o programa galeguista herdado desde o século XIX: a inserção do galego no seu quadro comum, a reintegração ao núcleo plural de que fora afastado, para o qual trabalha numha proposta de transição, como foram aquelas normas de 1980 que pouca vida tiveram. Talvez, se, como comunidade, levantarmos a vista e enxergarmos o horizonte de bem-estar que queremos deixar a quem nos continuar, a proposta reintegracionista vingará e Carvalho terá lugar de honra num futuro mais alegre e satisfatório. Não ser mais um país do curto prazo, continuamente adiado, submetido a eventuais urgências que não permitem percorrer caminhos mais felizes é o que eu leio o intuito do Carvalho reintegracionista.

*Aquele que no horizonte
duas vezes enxergou o cometa,
viveu muito.*

*Nom antecipes o teu próprio luto,
nem ao cabo te laies se esmoreces*

São versos do último livro de poemas, póstumo, de Ricardo Carvalho Calero, Reticências... título de quem omite o que poderia dizer e não diz; espelhando o modo vital do seu autor, marca genética da atitude respeitosa mesmo nas amargas adversidades.

Esses versos parecem sintetizar a asunção da vida, e do que a vida lhe deu e negou, com atitude elegante, elegante como era a sua prosa e o seu verso, a sua oratória e o seu ensaio. E, sobretudo, o seu modo de estar e viver.

Carvalho foi um intelectual decisivo. Não intelectual de estrondo ou pompa. Se comemorarmos Carvalho, comemoramos a fortuna de quem se dedicou à comunidade e para a sua melhoria trabalhou. Não lhe prestamos homenagem, que, morto, não poderá receber este tributo. É à nossa existência coletiva a quem homenageamos; e fazemo-lo graças ao que ele nos legou.

Beijão a Ricardo Carvalho Calero!



O BNG leva ao parlamento galego a situación da sanidade na Guarda

O deputado do BNG Manuel Lourenzo presentou no parlamento galego unha iniciativa para instar á Xunta de Galiza a restitución do persoal sanitario do centro de saúde e que cubra as baixas de xeito inmediato para garantir unha atención sanitaria de calidade.

O deputado nacionalista argumenta que “hai meses que a sociedade guardesa está a padecer a falta de persoal sanitario. Esta situación que nunca pode ser aceptábel, neste momento que vivimos, coa pandemia do coronavirus, transformase nunha auténtica irresponsabilidade por parte das autoridades da Xunta de Galiza”.

Manuel Lourenzo sinalou tamén “a redución a metade dos facultativos no centro de saúde está xerando unha sobrecarga



de traballo aos profesionais que provoca unha atención aos pacientes deficitaria con moitos días de espera para poder ter unha consulta”.

O portavoz municipal Anxo Baz pola súa parte manifestou “a situación está sendo insostible, os doentes vense na obriga de esperar días para ter unha

consulta que en moitos casos non é nin presencial. Ou esto ten unha solución inmediata ou desde o BNG ademais de levar adiante iniciativas coma a que acabamos de presentar no parlamento galego chamaremos á sociedade guardesa a manifestarse para poñer fin a esta vergoña”

A exposición “Río Miño- Memorias transfronteirizas” na Casa dos Alonso até o 20 de outubro



Xa está na Guarda a exposición “Río Miño - memorias transfronteirizas”, na que os visitantes poden contemplar as marxes do río: con quioscos interactivos, filmes e paneis interpretativos.

Esta exposición reflicte o Miño, os seus valores ecolóxicos e patrimoniais, e as xentes que habitan nas súas ribeiras: as súas técnicas, música, gastronomía, lingua e xogos. Ademais, amosan a cultura dos Tesouros Humanos Vivos, per-

soas cun profundo coñecemento e prácticas locais, que esta exposición recolle.

Esta exposición itinerante do patrimonio inmaterial que leva a cabo o CIM Alto Miño, en colaboración e coordinación coa Deputación de Pontevedra, chega á Guarda, do 9 ao 20 de outubro na Casa dos Alonso, tamén está a disposición dos visitantes un tríptico informativo da mesma.

Os Bolechas ensinaron en Baiona e Oia a usar o número de emerxencias 112

Escolares de Baiona e Oia recibiron a visita de Carlos Bolechas coa nova proposta do programa de divulgación da Axencia Galega de Emerxencias sobre o uso responsable do número único europeo 112. Para achegar esta importante mensaxe, o maior dos Bolechas estivo con alumnado de 3º de primaria do CEIP de Fontes-Baína de Baiona, e despois trasladouse ao CEIP de Refoxos, en Oia, onde a actuación foi transmitida en directo para varias clases,

de xeito que puido chegar a un gran número de alumnado, tanto de primaria como de infantil, con total seguridade.

Con esta proposta, os Bolechas, a través de representacións teatrais, material audiovisual e obradoiros, explican cando se debe chamar ao 112 e os datos que hai que facilitar aos xestores de emerxencias



para ter unha resposta axeitada en cada caso. As nenas e nenos puideron ver tamén un vídeo no que Braulio Bolechas amosa como funciona o Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia (CIAE112 Galicia) onde se reciben e xestionan todas as chamadas de emerxencias que se producen na comunidade autónoma galega.

A BRILAT reconece á alcaldesa de Oia co premio “Dama Azor”

Alcaldesa de Oia, Cristina Correa, vén de recibir o premio “Dama Azor” en recoñecemento polo apoio e colaboración que o Concello presta á Brigada “Galicia” VII BRILAT, que desde hai anos desenvolve no concello parte das súas actividades de preparación militar.

O acto protocolario celebrouse no Salón de Plenos e contou coa asistencia do xeneral xefe Luís Cortés o tenente coronel xefe do Batallón do Grupo Loxístico, Bernardo González Lázaro, e o comandante Pablo Ponce de León, así como o equipo do goberno municipal, presidido pola alcaldesa.

O Concello agasallou á BRILAT cunha gaita artesá para a súa banda musical.

Na súa intervención, a alcaldesa destacou o importante labor que a Bri-



gada desenvolve en misións internacionais, na loita contra os incendios forestais e na operación destinada a reducir o impacto da COVID-19. Tamén tivo palabras de agradecemento á súa banda de música, a cal participa habitualmente na celebración das principais festividades locais en Oia. Cristina Correa tamén lembrou á comunidade de montes de Burgueira, pois é a que facilita “uns terreos moi adecuados ás necesidades de preparación dos militares” na zona de Torroña.

PONTEVEDRA

Deputación de Pontevedra inaugurou o 41º curso da Escola de Cantería de Poio

Coa presenza da deputada provincial Noemí Outeda, inaugurouse oficialmente en Poio (Pontevedra) o 41º curso da Escola de Cantería, cun total de 13 alumnos procedentes de Vigo, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, Soutomaior e Madrid, entre outros.

A deputada Outeda destacou a "alta calidade da formación" que se imparte nesta Escola, recoñecida internacionalmente pola súa participación en obras de restauración no Capitolio de Washington e a Abadía de Westminster, ademais da construción da Sagrada Familia de Barcelona. Toda vez, salientou na inauguración deste curso sobre o "compromiso total" no "respecto en todo momento do protocolo de seguridade" anti-COVID 19.



A Deputación de Pontevedra investiu 440.000 euros en labores de seguridade, accesibilidade e contaminación acústica desta Escola, así como logrou a súa regularización urbanística coa obtención da licenza de activi-

dade por parte do Concello de Poio.

Outeda informou que a Deputación instou á Xunta de Galicia para que avance na homologación desta Escola como Centro de Formación para o Emprego.

A Provincia de Pontevedra alcanzou un 30% de ocupación hoteleira en setembro

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, anunciou que a ocupación hoteleira na provincia foi de 30% no mes de setembro, superando entre 5 e 10% as estatísticas rexistradas para setembro de 2019.

Estes datos foron publicados polo Observatorio de Turismo da Deputación de Pontevedra. Según Silva, os mesmos confirman á provincia de Pontevedra entre os destinos "máis atractivos do Estado", algo salientable nestes tempos da pandemia do COVID 19.

Vigo lidera estes índices de ocupación hoteleira cun 40%, sendo na súa comarca de 37,3%. O Morrazo segue con 36%, Baiona co 32,4%, o Baixo Miño con

32%, a cidade de Pontevedra co 34% e a súa comarca co 32%, a comarca do Salnés con 28,2%, destacando O Grove e Sanxenxo, Deza e Terra de Montes co 24,4% e o Condado e Paradante tivo un 22%.

O Salnés liderou os datos de ocupación de turismo rural e de cámpings, cun 31% e 30,3% respectivamente. Nos albergues para peregrinos, o líder foi Baiona cun 50%. Igualmente, as vivendas turísticas en Pontevedra alcanzaron unha ocupación do 68%.

Así mesmo, Carmela Silva informou que as visitas aos castelos de Sobroso e Soutomaior superaron as 3.000 persoas, o que confirma a efectividade da aposta cultural e patrimonial da Deputación.

A Deputación destinará 122.000 euros para a nova mobilidade do programa Erasmus de prácticas europeas

A Deputación de Pontevedra vén de aprobar a concesión de 122.000 € para unha nova mobilidade, a quinta, no marco do proxecto Erasmus+ Practicum Depo 2019. Deste xeito, tal e como explicou a presidenta Carmela Silva, un grupo de 14 mozas e mozos graduados/os en ciclos medios de Formación Profesional poderán completar a súa preparación e mellorar a súa inserción profesional a través da realización de prácticas laborais en empresas e institucións de Italia, Portugal e

Irlanda durante 125 días.

A presidenta destacou que esta quinta mobilidade "beneficiará a outras sete mozas e sete mozos, unha distribución totalmente paritaria, procedentes de sete centros educativos de catro concellos da provincia, Vigo, Pontevedra, Pontearreas e Tui, que estudaron ciclos formativos de grao medio de Formación Profesional" relacionados coas actividades comerciais, xestión administrativa, coidados auxiliares de enfermaría, aceites e viños, preimpresión dixital, vídeo, disc

jockey e son.

Esta mobilidade cara Europa enmárcase no Practicum Depo 2019 no que están a participar un total de 92 estudantes e 10 docentes. Ao respecto, a presidenta detallou que "nestes intres están aínda en Portugal, ata mediados de mes, dúas persoas encadradas na terceira mobilidade e outras cinco comezaron en setembro a súa estancia en Escocia e Portugal. O sexto e último grupo partirá cara Europa en xaneiro, co que esta iniciativa estenderase ata finais do 2021".

Servizo de tala de arborado nas marxes das estradas provinciais para previr incendios



O Goberno da Deputación vén de aprobar a contratación para a adxudicación do servizo de tala de arborado no dominio público das marxes das estradas provinciais, no que se investirán máis de 201.500 euros ao fío das tarefas de conservación destes viarios. Como destacou a presidenta Carmela Silva, son traballos de especial importancia "como medida preventiva que facilita a loita contra o lume", amais de evitar o efecto prexudicial que a vexetación ocasiona nas estradas e atender deste xeito "unha das grandes demandas da xente, que as marxes dos

viarios estean en boas condicións".

Ademais das estradas provinciais estarán incluídos os camiños de servizo, enlaces, cruces, variantes e calquera outro terreo que integren o dominio público adscrito a estas vías. Así mesmo, abordarase a tala puntual de arborado non situado na zona de dominio público cando a árbore ameace a seguridade viaria e o titular da parcela onde se sitúe non atenda os requirimentos da Deputación: "Habería entón un risco serio e poderíamos actuar, o contrato contempla todas as posibilidades", sinalou a presidenta.

Deputación e o Concello investirán máis de catro millóns de euros en humanizacións en Vigo

A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo investirán máis de 4 millóns de euros en novas humanizacións no rural e no centro da cidade, como anunciaron a presidenta, Carmela Silva, e o

alcalde, Abel Caballero. En total, a institución provincial alcanzará máis de 3 millóns de euros e o Concello un millón para humanizar ata 28 estradas nas parroquias de Coruxo, Beade, Sárdoma, Valadares, Ma-

tamá, Teis, Cabral, Lavadores, Sampaio, San Xoán, Salgueira, Sárdoma, Bembrive, Gándara, Alcabre e Zamáns, así como tres rúas do centro: Taboada Leal, Serafín Avendaño e Hispanidad.

O Rosal e SEA analizan as posibilidades de desenvolvemento de solo industrial

Novos pasos de cara ao desenvolvemento industrial no Rosal. A alcaldesa Ánxela Fernández, o concelleiro Germán Rodríguez, técnicos municipais e redactores do PXOM reuníronse este mércores en Santiago de Compostela coa xerente de Suelo Empresarial del Atlántico (SEA), Beatriz Sestayo, nunha primeira toma de contacto para estudar as posibilidades de desenvolvemento industrial no municipio. “Demos un primeiro paso importante para abordar dunha forma seria este desenvolvemento industrial na nosa área e con este obxectivo claro hoxe comezamos a nosa colaboración con SEA”, destacou a rexedora.

SEA adquiriu terreos hai anos no Rosal co obxectivo de desenvolver un parque empresarial que finalmente non foi executado. Non obstante, actualmente existen posibilidade de desenvolvemento industrial, xa que se “percibe a oportunidade ao amparo do futuro plan xeral urbanístico e do plan de expansión de solo de SEA”, comenta a súa xerente.



“Foi unha primeira reunión interesante e frutífera, na que me comprométín a que SEA estudará e analizará de forma pormenorizada a documentación existente”, sinalou Sestayo, que realizará unha visita ao concello rosaleiro en canto se dispoñan de todos os documentos pertinentes sobre o solo dispoñible.

Deste xeito, o Concello e SEA intercambiarán a documentación necesaria para analizar os terreos a disposición e as posibilidades de actuación dentro do plan sectorial, no marco do proxecto de expansión de solo empresarial da entidade.

Suelo Empresarial del Atlántico, S.L., S.M.E., é unha sociedade participada polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a través de Sepes; pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo; por Abanca e pola Xunta creada co obxectivo de desenvolver e comercializar parques empresariais en Galicia. Actualmente xestiona 13 parques na comunidade galega que suman máis de 4 millóns de metros cadrados nas provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra nos que se asentan máis dun cento de empresas.

O Rosal adapta o seu auditorio municipal á nova realidade



O Concello do Rosal vén de levar a cabo os traballos de modificación do auditorio municipal para adaptar estas instalacións á nova realidade. Deste xeito, retiráronse varias filas de butacas e procedeuse á ampliación

do escenario para poder garantir o mantemento das distancias de seguridade durante o seu uso tanto por parte da Escola de Música como durante os ensaios da Agrupación Musical do Rosal, con máis de 80 integrantes.

Os comerciantes de Tui e Milladoiro únense na promoción do Camiño Portugués



A asociación de comerciantes de Tui, ACITUI, e de Milladoiro, Palmira Bulevar, suman sinerxías para promover o Camiño Portugués a Santiago ao ser a primeira localidade en Galicia desta ruta xacobea, e a derradeira antes de chegar a Santiago, respectivamente.

Coa sinatura dun convenio entre ambos colectivos quedaron plasmados tres anos de contactos e traballo en prol do Camiño Portugués. O acto tivo lugar na casa do concello de Tui coa presenza do alcalde, Enrique Cabaleiro, da concelleira de Comercio, Ana M^a Núñez, o presidente de ACITUI, Juan Carlos Blanco, e da Asociación de Pequenos Comerciantes Palmira

Bulebar de Milladoiro, José Manuel Fernández.

O presidente de ACITUI, Juan Carlos Blanco, explicou que as dúas asociacións traballarán conxuntamente no fomento de eventos vinculados ao Camiño Portugués, e na súa promoción tanto a través das súas redes sociais, coma nas distintas campañas comerciais que leven a cabo pondo as dúas localidades no mapa desta vía xacobea. Tamén buscarán informar tanto ao peregrinos coma do turista dos servizos dispoñibles nestas localidades, e fomentar a cultura galega, a gastronomía e o comercio. Entre os obxectivos tamén está impulsar esta ruta de peregrinación de cara ao Ano Santo 2021.

Tui organiza un taller de gastronomía “Sabores de Sefarad” a cargo do cociñeiro Javier Zafra

O Concello de Tui coa integración da Red de Jude-rías de España está traballando na promoción turística da nosa cidade ao abeiro do importante conxunto patrimonial relacionado coa presenza xudía na nosa cidade ao longo dos séculos. Pero este labor precisa complementarse con outras medidas que consigan incrementar o atractivo da nosa cidade en torno aos recursos xudeus ou sefardís.

Neste sentido, un elemento clave é a gastronomía, pois é o complemento idóneo a unha visita á nosa cidade. Pero cómpre que esta oferta gastronómica contribúa a incrementar o valor da nosa oferta turística, cunhas propostas dos nosos restaurantes relacionadas con este patrimonio xudeu.

O Concello de Tui a través da Red de Jude-rías para afondar nesta



liña organiza un obradoiro práctico denominado “Sabores de Sefarad” a cargo do cociñeiro Javier Zafra que estará en Tui o luns, 26 de outubro. Está dirixido exclusivamente a profesionais da hostalaría e restauración tudense. Javier Zafra é autor do libro “Sabores de Sefarad”, que recolle unha escolma de receitas ou komidikas facilmente realizables, e xestiona o blog do mesmo nome que pretende

ser un lugar onde compartir os pratos cociñados, experiencias culinarias e vivencias dos profesionais que traballan arredor da gastronomía sefardí.

O taller terá lugar na Aula Uned o luns 26 de outubro de 17,00 a 20,00 horas. Os interesados deben inscribirse previamente na Oficina Municipal de Turismo ou a través do correo electrónico: turismo@tui.gal.

Tui contará con 48.400€ para axudas á rehabilitación da Fase 14ª da ARI

O Concello de Tui recibirá 48.400€ da Xunta de Galicia correspondentes ao fondos de 2020 da Fase 14ª para a Área de Rehabilitación Integral do Conxunto Histórico de Tui.

O Concello de Tui, tras recibir a comunicación desta achega, xa trasladou ao Instituto Galego de Vivenda e Solo as actuacións previstas, presentando a documentación acreditativa e a memoria do programa das actuacións. No reparto de fondos tívose en conta o grado de cumprimento dos obxectivos asignados en anteriores consignacións.

As persoas propietarias de vivendas e edificios emprazados no ámbito da Área de Rehabilitación Integral, e o propio concello, serán os beneficiarios finais destes 48.400 €. As persoas particulares percibirán axudas a fondo perdido para as actuacións de rehabilitación que realicen. Mentres o Concello destinará estes cartos á realización de actuacións de urbanización e



reurbanización no ámbito da ARI. Dende a Oficina de Rehabilitación do Concello de Tui procederá nos próximos meses á apertura dunha nova convocatoria de axudas con cargo a estes fondos.

Actualmente o Concello de Tui ten en execución convenios asinados en anos anteriores, cunha dotación total que se aproxima aos 130.000 € correspondentes á Fase 13ª. Nesta fase, que pechou o prazo de solicitude das axudas

o pasado 5 de agosto, na Oficina de Rehabilitación recibiron numerosas solicitudes de propietarios para levar a cabo obras de rehabilitación nas súas vivendas. As actuacións solicitadas principalmente abarcan obras de mellora de eficiencia enerxética con illamentos de cubertas e cambios de carpinterías, e tamén a restauración das fachadas. Coas actuacións presentadas cúmprense os obxectivos da fase 13ª.

"Volvemos ao Teatro" impulsa o Outono cultural de Tui

Baixo o lema "Volvemos ao Teatro", o Concello de Tui deu inicio o 16 de outubro a súa programación cultural de Outono 2020, que rematará o próximo 21 de novembro. O Teatro Municipal de Tui é o escenario desta programación cultural.

Para o alcalde Enrique Cabaleiro, esta programación "reflicte o compromiso do Concello coa cultura". Pola súa banda, a concelleira de Cultura, Sonsoles Vicente, informou da celebración dos espectáculos cada venres e sábado para tódolos públicos con teatro, música e danza. Salientou igualmente a redución nun 33% do patio de butacas para cada evento, poñéndose á

venda unhas 180 localidades, respectando así o protocolo pola COVID 19.

"Volvemos ao Teatro" está conformada por oito espectáculos de música, teatro, e danza para público infantil e adulto. Destacan na programación o concerto "Memoria da Melancolía" de Samuel Diz, a comedia negra "Idiota" interpretada por Machi Salgado e Susana Sampedro, os espectáculos familiares e infantís de "Carabela", o circo de "So", a versión teatral do libro "Esio Trot", "Aguratrát" e "Ummm, unha comedia musical para chupar os dedos", e o espectáculo de danza contemporánea "Pink Unicorns", que pecha o cartel cultural.

A presentación de documentación para a Ventanilla Única precisará cita previa

O Concello de Tui informa que desde o luns, 19 de outubro, para presentar documentación á Ventanilla Única no rexistro de entrada na casa do concello deberase solicitar cita previa no 687 22 71 90.

A presentación de documentación dirixida ao propio concello e de competencia municipal poderá seguir a facerse sen cita previa.

Esta medida adóptase despois de comprobar, que dende que se eliminou a cita previa, os cidadáns presentan no Rexistro do Concello documentos que van dirixidos a outras administracións que aínda solicitan cita previa, incluso veciños doutros concellos veñen ao Rexistro do Concello de Tui para evitar o trámite de cita previa nos seus concellos, o que está a colapsar este servizo municipal.

Exposición "O Camiño do humor" de viñetas de Dávila, en Tui

A exposición "O Camiño do Humor" que recolle unha recompilación de viñetas do ilustrador e deseñador gráfico galego Luís Davila estará na Sala Municipal de Exposicións do Concello de Tui ata o 24 de outubro.

A mostra, organizada pola Concellería de Cultura, Educación e

Universidades da Xunta de Galicia, dispónse de maneira temática baixo epígrafes como Xente de aquí, Na leira, O bicherío, Tecnoloxía, O tempo, O turismo ou O Camiño de Santiago, etc. En conxunto, ofrece un completo percorrido pola obra de Davila a través dunha antoloxía das súas



viñetas máis destacables.

A mostra forma parte do programa de actividades do 50 aniversario da Biblioteca Municipal de Tui.

TODOS OS MERCOLES NO CAFÉ BAR CENTRAL
SALCEDA DE CASELAS
TODOS OS XOVES NA
A TABERNA TUI

Pulpo á Feira
PULPEIROS
A RENTEIRO
da Carballeira

T. 928 824 184

TAMBIÉN PARA LLEVAR PARA CASA

GOLOSOS

Golosinas
Helados
Snacks
Refrescos
Tartas de Gominolas
Artículos de Regalo

Calle Oia n.º 8 - TUI Tel: 886 135 477
861 53 56 35

facebook.com/golosotui

Somos Diferentes
Endulzate la vida

Especialistas en Dulces Suecos

REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS MATRÍCULA GRATUITA
CENTRO DE ESTUDIOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - T. B
Ponteareas T. 654 07 57 51